

**EXPEDIENTE 867/2024: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN Á
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS EMILIA PARDO BAZAN SANXENXO
ARTICULADA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO E OUTORGAMENTO DA
SUBVENCIÓN.**

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Visto o expediente instruído para a concesión da subvención á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo , en concepto de axuda co obxecto de contribuír cos gastos necesarios para paliar o custo do aluguer do local e colaborar de maneira directa na reactivación da actividade sociocultural no noso Concello.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de subvención nominativa presentada pola Asociación o día 20 de novembro de 2024 (Rexistro nº 1774) xuntando toda a documentación requirida.
- Borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo para regular o outorgamento da subvención.
- Solicitud da presidencia para a emisión do informe de control financeiro de intervención (27/11/2024)
- O informe de fiscalización emitido pola intervención xeral municipal do 12 de decembro do 2024 no que se informa favorablemente o outorgamento dunha subvención de 6.000 euros á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo, tramitándose a subvención a través do O.A Terra de Sanxenxo.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia, resolve:



O.A. Terra de Sanxenxo

PRIMERO: Aprobar o Convenio entre o O.A. Terra de Sanxenxo e Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo para regular o outorgamento dunha subvención para paliar o custo do aluguer do local.

SEGUNDO: Conceder a subvención de seis mil euros (6.000) euros á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo para paliar o custo de aluguer do local.

Esta subvención se suxeitará a todas as regras de xustificación das subvencións establecida na lexislación vixente.

TERCERO: Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da plataforma informática correspondente, o outorgamento da subvención.

CUARTO: a remisión da presente resolución á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán para os efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELETRONICAMENTE

